

Suxestión á consellería de Infraestruturas e Mobilidade de en futuros contratos de transporte viario das liñas que unen Cangas e Vigo incluír a obriga de incrementar as prazas en caso de que as condicións meteorolóxicas dificulten o transporte marítimo ou se dean situacións que fagan previsible un incremento da demanda

Expediente: L.4.Q/ 3/23

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2023

Sra. Conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención un usuario do transporte público de Galicia

No seu escrito, esencialmente, indícanos que

- O día 12 de decembro quedaron decenas de persoas usuarias da liña Vigo-Cangas en terra xa que o autobús non se detivo nin en Moaña nin noutras paradas nos horarios das 07:30 horas e das 08:45 horas. Ese día non había transporte marítimo polas malas condicións meteorolóxicas e quedaron en terra decenas de persoas que chegaron tarde ao seu traballo ou tiveron que pagar un taxi
- Que o día 30 de decembro na parada do Areal en Vigo ás 20:30 horas quedaron 30 persoas tiradas e tiveron que compartir taxis
- Que non é nin a primeira nin a última vez. Que os condutores non informan en din que protestemos diante da empresa ou á Consellería. Que a empresa non informa nunca si non hai prazas suficientes.
- Que a Xunta debería obrigar á empresa a aumentar o número de buses cando hai unha circunstancia así. Que NON HAI BUSES SUFICIENTES PARA A DEMANDA QUE EXISTE. Que nunha ocasión protestaron á Xunta e dixéronlles que era polos turistas pero o día 12 de decembro ás sete da mañá non había turistas senón persoas que van traballar

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu co seguinte contido:

Primeiro.- Os servizos referidos pertencen á concesión XG625 — Comarca do Morrazo do Plan de Transporte Público de Galicia.

Segundo os rexistros de ocupación dos servizos dispoñibles, correspondentes ao día 12.12.2022, nos catro servizos que pasan polo Concello de Moaña con destino Vigo entre as 07:30 e as 8:45 horas subiron, ao longo das distintas paradas do concello, un total de 95 pasaxeiros. En concreto:

- no servizo das 07:24 horas, expedición XG62503601003: subiron 37 persoas
- no servizo das 07:36 horas, expedición XG62500201003: subiron 22 persoas
- no servizo das 08:39 horas, expedición XG62503601006: subiron 23 persoas
- no servizo das 08:56 horas, expedición XG62500201004: subiron 13 persoas

Ditas cifras de ocupación son as habituais en ditas expedicións, cunha media de 88 persoas no mes de decembro de 2022. Así, de acordo coa información sinalada, ditos servizos fixeron as correspondentes paradas no Concello de Moaña.

Por outra banda, e respecto da expedición XG62500101034 con parada na rúa do Areal, Vigo, ás 20:34 horas recolleu o 30.12.2022 a 51 persoas en dita parada, cando a media durante o mes de decembro de 2022 foi de 16. A cifra é superior mesmo comparándoa coa do venres anterior, día 23, na que subiran 30 persoas. Deste xeito, é posible que, debido a ocupación total do vehículo, o operador non puidera atender a demanda total de viaxeiros.

Con todo, cómpre sinalar que en situacións puntuais de incremento da demanda, coma a que se está a analizar, o prego que rexe a concesión XG625 non impón aos concesionarios a obriga de establecer, en todo caso, un servizo de reforzo. Así, tendo en conta a imprevisibilidade e aleatoriedade destas situacións, ao igual que ocorre en xeral nos servizos de transporte público, como os marítimos e aéreos, e incluso, naqueles outros servizos suxeitos a declaración de servizo público, como os servizos ferroviarios, no caso de que se cobra a totalidade das prazas dispoñibles non resulta posible establecer unha previsión xeral que obrigue ao operador a establecer un ou varios servizos a maiores. O mesmo sucede nos servizos de autobús, a ocupación da totalidade de prazas dunha expedición en concreto non determina unha obriga para o prestatario do servizo de ter previsto a dispoñibilidade de vehículos e persoal de condución que permita "reforzar" o dito un servizo.

Sen prexuízo do anterior, a Dirección Xeral de Mobilidade comparte a conveniencia de que, na medida na que resulte posible, se atendan estes servizos, razón pola que se ten previsto a posibilidade de que as concesións reserven medios para tal fin. En calquera caso, esta previsión dificilmente permitirá atender a totalidade de situacións, tendo en conta tanto o indicado

previamente sobre a aleatoriedade e imprevisibilidade destas situacións, como incluso outras circunstancias concorrentes, como o tempo que falte ata a prestación do seguinte servizo.

Segundo.- Por último, esta Administración comprobou que, durante o mes de maio de 2023, a expedición XG62503601003, cunha demanda media de 56 persoas con destino Vigo, realizouse con vehículos de 52 e 60 prazas e en seis días habilitouse un vehículo de reforzo. A expedición XG62500201003 tivo unha demanda media de 57 persoas e realizouse habitualmente con máis dun vehículo.

As expedicións XG62503601006 e XG62500201004 tiveron en maio unha demanda media de 33 e 28 persoas, respectivamente, e prestáronse de xeito habitual con vehículos de 60 ou máis prazas.

A expedición XG62500101034 tivo en maio unha demanda media de 23 persoas e a empresa empregou vehículos de 58 ou máis prazas.

Así, a conclusión que se extrae de dita análise é que o concesionario está dispoñendo dos medios necesarios para atender á demanda

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1.- O interesado sinala, na súa queixa, dúas datas e horarios nos que se teñen producido retrasos ou falta de prazas nas liñas de transporte Cangas-Vigo afectando ás persoas que estaban en paradas intermedias.

No informe achegado pola Administración sinálanse, por unha banda, que o día 12 de decembro non se apreciaron circunstancias como as denunciadas dado que o número de persoas viaxeiras era un número habitual e semellante a outras xornadas. Por outra informa da excepcionalidade do acontecido o día 30 de decembro e informa que non está a empresa concesionaria obrigada a dar resposta a este tipo de situacións.

En relación aos datos do día 12 de decembro, hai dúas versións contrapostas. Por un lado o interesado que indica o mal tempo no mar como o factor que incrementou os usuarios por estrada ao suspenderse o transporte marítimo, e por outro os datos de ocupación cos que

conta a consellería nos que se reflicten unhas cifras dentro da normalidade. Segundo as novas dos medios de comunicación, foi o día 19 de decembro -tamén luns- cando se suspendeu o transporte marítimo polas condicións meteorolóxicas.

2.- No que si concordan é na excepcionalidade do número de persoas viaxeiras do día 30 de decembro. Argumenta a consellería que é un incremento puntual e que o contrato “non impón aos concesionarios a obriga de establecer, en todo caso, un servizo de reforzo. Así, tendo en conta a imprevisibilidade e aleatoriedade destas situacións, (..) no caso de que se cobra a totalidade das prazas dispoñibles non resulta posible establecer unha previsión xeral que obrigue ao operador a establecer un ou varios servizos a maiores”

Porén, cómpre lembrar que o día 30 de decembro do ano 2022, véspera de fin de ano, era sábado. Polo tanto, non resultaba imprevisible un incremento da demanda de prazas, tendo en conta ademais, o importante número de visitantes que veñen acudindo a Vigo nas festas de Nadal nos últimos anos e que nestas celebracións moitas familias e grupos de mozos e mozas comparten actividades de lecer. A maiores, segundo se reflicte nas novas ese fin de semana tamén se interrompeu o transporte marítimo Cangas-Vigo polo temporal, co conseguinte incremento de viaxeiros por estrada.

Das situacións descritas nos medios de comunicación e no propio escrito de queixa dedúcese que a cantidade de persoas usuarias do transporte viario relaciónase co funcionamento ou non de transporte pola ría de Vigo ademais dos posibles eventos que incrementen a demanda como festas, concertos, períodos de especial atracción comercial ou probas deportivas. En todo caso, tanto unhas circunstancias como as outras poden ser previstas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte suxestión:

Dentro da súa capacidade organizativa, en futuros contratos de transporte viario das liñas que unen Cangas e Vigo incluír a obriga de incrementar as prazas en caso de que as condicións meteorolóxicas dificulten o transporte marítimo ou se dean situacións que fagan previsible un incremento da demanda

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo